

PAUTAS PARA REALIZAR UNHA EXPOSICIÓN ORAL

1. Partes que debe ter a exposición oral, sexa cal for a súa finalidade:

- O primeiro que farás será **saudar e presentarte**: Bos días, son “fulanito” e vou explicar, falarvos, a describir, vou comentar...
- Unha **introdución** (breve), comentarás que vas facer e sobre que (tema e intención). Ademais, se o teu traballo consta de partes (índice), explicarás brevemente que se verá en cada apartado: (Neste traballo, exposición, investigación imos ver, a tratar, a descubrir... // En primeiro lugar falareivos de..., a continuación veremos... e para terminar trataremos...).
- Un **desenvolvemento** (corpo da exposición, a parte máis extensa onde desenvolverá o tema).
- Unha **conclusión** (breve), nela pódese recoller as ideas principais que se expuxeron; pódese facer alusión ao resultado final no caso da descrición dun proceso; pódese terminar mencionando a importancia dese tema, persoa... (Para finalizar, concluíndo, como puidemos ver, en conclusión...).
- **Despedida**: farás alusión a que queda concluída a exposición. Agradecerás a atención e darás a oportunidade de que fagan preguntas: Con isto damos por terminada a exposición, con isto dou por terminada a miña intervención, agradézovos a vosa atención e se alguén ten algunha pregunta ou dúbida pode realizala...

ATENCIÓN! Debedes redactar o voso traballo con aqueles elementos da oralidade que logo empregaredes (é dicir, coma se estivédesdes a falar). Non podedes improvisar cando vaiades realizar a exposición oral.

2. Apoio de material audiovisual (Lousa tradicional, fichas, presentación en *Power point*...)

- Serven de **apoio** e só deben recoller as ideas principais da exposición na orde que estas se presentan ao público. Non se trata de copiar toda a información e lela de aí.
- Se aparecen **imaxes**, deben servir para explicar, ampliar a información que damos e debemos deternos nela (imaxe dun vertebrado e explico as partes sinalándolas na diapositiva).

3. Trazos da oralidade que deben empregar os alumnos

- **Conectores** do tipo: en primeiro lugar; a continuación; outro elemento que debemos ter en conta; por unha banda/ pero por outro; como vimos anteriormente; aquí, na imaxe podedes observar, apréciase; para terminar; en conclusión; o que quero dicir con isto; creo que todos estaremos de acordo; para concluír, resumindo; para termina; só queda dicir...
- Explicar sobre a **imaxe** utilizando os elementos que delimitan o espazo: á esquerda, arriba, no centro...
- Relacionar ou realizar **comparacións** con feitos coñecidos (no caso de tratar un tema de actualidade, por exemplo).

- Cambios no ton de **voz** e no **ritmo** dependendo de se hai que deterse máis ou menos ou se quere incidir en algo concreto.
- Tentar **mirar** aos receptores e utilizar os movementos e xestos para facelos partícipes (sen abusar diso)/diso) (por exemplo movemento de asentimento ou de negación, sinalar aos receptores coas mans, indicar co dedo na pantalla ou usar a man para sinalar un conxunto de ideas, partes, elementos...).

4. Erros na exposición oral

- Falar coma se lélese.
- Ler o que pon na presentación, lousa...
- Coller un papel e ler o que buscamos ou redactamos. Se podemos ter diante un guión cos puntos, tarxetas con palabras craves, datas ou palabras de maior complexidade para lembrar...
- Aprenderse algo de memoria e soltalo “como un papagallo”.
- Emprego de retrousos.
- Vacilar, titubear, divagar, dar rodeos para explicar algo...

5. Ensañar a presentación

- **Practicar** a exposición de pé e se é posible mirándonos nun espello ou diante dun familiar, amigo...
- **Falar máis alto** do que é habitual e empregando distintas entoacións dependendo da intención.
- Utilizar unha **linguaxe** simple e natural, coma se dunha conversación tratásese.
- Non hai que memorizar o texto, hai que saber o que imos transmitir (ademais, se se nos esquece algo podería ser que non soubésemos continuar).
- Controlar o **tempo** que tardamos (no caso de que o profesor puxese un tempo determinado para non quedarnos curtos nin estendernos demasiado).